

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE SETEMBRO DE 2020

Ás 10:25 horas do día 24 de setembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 21 de setembro (orde do día ampliada o 23), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica (asiste a todos os puntos agás os puntos 9a e 10a)
D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica (asiste aos puntos 9a e 10a)
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 11a e 11c)
D. Fernando Carballo Villar, director de Réxime Interior de Vigozoo (asiste ao punto 3)
D. Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste ao punto 9b)
D^a. Dolores Bernárdez Fernández, axunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste aos puntos 9a e 10a)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste ao punto 11b)
D. Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña, xefe do Servizo de Patrimonio (asiste ao punto 11d)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de presas e demais alimentación para a fauna en Vigozoo (10.368-612)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. e SAINT LAURENT, S.A.) a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descrición dos documentos que



compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

Para os lotes 1 e 2 presentouse SAINT LAURENT, S.A. e para o lote 4 AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. Para o lote 3 non se presentou ningún licitador.

		AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. (lote 4)	SAINTE LAURENT, S.A. (lotes 1 e 2)
LOTE 1	Porcentaxe de desconto único		0%
	Redución dos kg de embalaxe máximos (15 Kg)		0
	Redución do prazo de entrega máximos (1 mes)		0
LOTE 2	Porcentaxe de desconto único		0%
	Redución dos kg de embalaxe máximos (15 Kg)		0
	Redución do prazo de entrega máximos (1 mes)		0
LOTE 4	Porcentaxe de desconto único	2%	
	Redución dos kg de embalaxe máximos (25 Kg)	11-19	
	Redución do prazo de entrega máximos (10 días)	9	

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos e a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a SAINT LAURENT, S.A. nos lotes 1 “Alimento de roedores conxelado” e 2 “Alimento conxelado para aves” por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Conceder un prazo de tres días a AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. (lote 4 “Despece de polo”) para que aclare se concorre a esta licitación con solvencia de terceiros, tal e como indica no DEUC presentado, parte II.C: “Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades ¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?”.

De concorrer a esta licitación con solvencia dun terceiro, deberá presentar un DEUC debidamente cumprimentado polo terceiro a cuxa capacidade pretenda recorrer, así como o Anexo III do PCAP, tal e como esixe a cláusula 14.2a do prego.

De non concorrer a esta licitación co solvencia de terceiros, deberá presentar un novo DEUC no que responda negativamente á pregunta recollida na parte II.C citada.

- c) Formular a seguinte proposta para declarar deserto o lote 3 “Alimento de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 09:37	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AE44-CFB638-5451D1-HPDHY4-ETP36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presa viva”:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de presas e demais alimentación para a fauna en Vigozoo (10.368-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de presas e demais alimentación para a fauna en Vigozoo (10.368-612).

O 6 de agosto de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo de corrección de erros:

“Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa e toda vez que o orzamento base de licitación (apartado 3.A do Anexo I-FEC: 45.984,48 €) inclúe o IVE do 10%, advírtese un erro no cálculo do IVE posto que debería fixar un IVE de 4.180,41 € en vez de 4.598,44 €.

Á vista do exposto, o referido apartado 3. B) do Anexo I- FEC quedará redactado como segue:

“ (...) B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 4.180,41 €(...)”

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP”.

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 2 de setembro de 2020, rematando o prazo de presentación de ofertas o 17 de setembro.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 21 de setembro de 2020, non se presentou ningunha proposición para o lote 3 “Alimento de presa viva”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 09:37	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AE44-CFB638-5451D1-HPDHY4-ETP36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición para o lote 3 “Alimento de presa viva”, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 21 de setembro de 2020, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o lote 3 “Alimento de presa viva” do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de presas e demais alimentación para a fauna en Vigozoo (10.368-612) por non terse presentado ningunha proposición”.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial do programa de análise e avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe da Área de Servizos Xerais o 18 de setembro de 2020 de valoración do sobre C “proposición avaliada mediante fórmula” coa proposta de clasificación. A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda excluír deste procedemento á UTE OHL SERVICIOS INGESAN, S.A. E INGESER ATLÁNTICA, S.L. polo motivo previsto no apartado 7B. “VALORACIÓN PREVIA DO ORZAMENTO DETALLADO”.2.a do Anexo I -FEC- do PCAP (“Cando o orzamento detallado non recolla a totalidade dos postos de traballo que teñen a condición de carga laboral obrigatoria a oferta realizada deberá ser excluída do procedemento de licitación ou cando non indique o prezo para cada anualidade”).

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 09:37	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AE44-CFB638-5451D1-HPDHY4-ETP36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 21 de setembro de 2020 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

Á vista do referido informe, a Mesa acorda, por unanimidade, solicitar do servizo xestor un informe complementario ao de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor polo erro aritmético indicado no informe do 21 de setembro de 2020 e a aclaración deste último.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de setembro de 2020, da UTE OHL SERVICIOS INGESAN, S.A. E INGESER ATLÁNTICA, S.L. polo motivo previsto no apartado 7B. “VALORACIÓN PREVIA DO ORZAMENTO DETALLADO”.2.a do Anexo I -FEC- do PCAP (“*Cando o orzamento detallado non recolla a totalidade dos postos de traballo que teñen a condición de carga laboral obrigatoria a oferta realizada deberá ser excluída do procedemento de licitación ou cando non indique o prezo para cada anualidade*”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L.	87,74
2	GRUPORAGA, S.A.	87,40
3	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	81,00
4	ALFONSO BENÍTEZ, S.A.	66,40

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)

Retírase este asunto da orde do día polo acordo adoptado no punto 9b.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de danza de Vigo (EMD) (23.979-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data 9 de setembro de 2020 se notificou a resolución de clasificación deste procedemento a D. WENCESLAO CABEZAS DEL TORO e se lle requiriu a documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP.

Dentro do prazo concedido o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a WENCESLAO CABEZAS DEL TORO para que poida acreditar a solvencia económica de conformidade co esixido na cláusula 8 do PCAP (*“Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil”*).

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 09:37	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AE44-CFB638-5451D1-HPDHY4-ETP36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

“CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



necesidade do contrato (trámite n.º 4), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 24) con Anexo de persoal (trámite n.º 34), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 73), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 59 e 61) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (7.729.830,99 €/ano, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01 dos orzamentos municipais (“Prestación do servizo de axuda no fogar (SAF)”) e á súa bolsa de vinculación, dacordo coa seguinte distribución por anualidades:

- Ano 2020: 1.567.143,81 €
- Ano 2021: 7.729.830,99 €
- Ano 2022: 7.729.830,99 €
- Ano 2023: 6.162.687,18 €

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista”

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de setembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.	97,00 puntos
2	CLECE, S.A.	88,81 puntos
3	FUNDACIÓN PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCIÓN DE LA ACCIÓN SOCIAL (FEPAS)	81,03 puntos
4	SACYR SOCIAL, S.L.	75,67 puntos
5	ATENDO CALIDADE, S.L.	54,90 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.** (CIF B-48.758.890) para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- (“as empresas licitadoras deberán estar inscritas necesariamente no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 09:37	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AE44-CFB638-5451D1-HPDHY4-ETP36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.**, o día 15 de setembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 22 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.**, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.**, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, ambos de data 14 de setembro de 2020.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.** (CIF B-48.758.890) o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301) coas seguintes condicións:*

a) O prezo total do contrato é de 23.189.492,97 euros, sendo a cota



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 09:37	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AE44-CFB638-5451D1-HPDHY4-ETP36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

correspondente ao IVE de 891.903,57 euros e cunha porcentaxe única de redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 7,20%.

b) Comprométese a adscribir ao contrato 4 axudantes de coordinación coa titulación esixida no apartado 7B do citado Anexo I.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23.977-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data 9 de setembro de 2020 se notificou a resolución de clasificación deste procedemento a ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA e se lle requiriu a documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP.

Dentro do prazo concedido o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA para que emende a garantía, presentando no Rexistro Electrónico o aval orixinal (asinado dixitalmente) ou ben depositándoo na Tesourería Municipal.

d) Contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (20.290-240)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data 9 de setembro de 2020 se notificou a resolución de clasificación deste procedemento a GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS e se lle requiriu a documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP.

Dentro do prazo concedido o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS para que complete a documentación presentada; concretamente:

- Deberá acreditar correctamente a solvencia técnica de conformidade coa cláusula 8.4.3º do PCAP (“Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”).
- Deberá presentar o anexo IV do PCAP debidamente cumprimentado e asinado (cláusula 22 do prego).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 09:37	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AE44-CFB638-5451D1-HPDHY4-ETP36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 09:37	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AE44-CFB638-5451D1-HPDHY4-ETP36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		